

**ANEXO XVII**
**Baremo de prioridades concurso de traslados no corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa e corpo de inspectores de educación**

Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
1. Antigüidade.		
1.1. Por cada ano de permanencia ininterrompida, como persoal funcionario de carreira con destino definitivo, no mesmo cadro de persoal provincial ou, se é o caso, das unidades territoriais en que estea organizada a inspección educativa.		Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
Polo primeiro e segundo ano: A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo	2,0000 puntos por ano	
Polo terceiro ano: A fracción de ano computarase a razón de 0,3333 puntos por cada mes completo.	4,0000 puntos	
Polo cuarto ano e seguintes: A fracción de ano computarase a razón de 0,5000 puntos por cada mes completo	6,0000 puntos por ano	
No caso do persoal funcionario obrigado a concursar por perder o seu destino definitivo en cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, por provir da situación de excedencia forzosa ou por supresión expresa con carácter definitivo da súa praza, considerarase como posto desde o que participa, para os fins de determinar os servizos a que se refire este subpunto, o último servizo con carácter definitivo, ao cal se acumularán, se é o caso, os prestados provisionalmente, con posterioridade, en calquera posto de inspección educativa. Igualmente, os mesmos criterios serán de aplicación ao persoal funcionario que participe desde o destino adxudicado en cumprimento de sanción disciplinaria, de traslados forzosos, con cambio de localidade de destino.		
1.2. Por cada ano como persoal funcionario de carreira en situación de provisionalidade. A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo. Cando este persoal participe por primeira vez con carácter voluntario desde o seu primeiro destino definitivo obtido por concurso, á puntuación correspondente ao subpunto 1.1 sumaráselle a obtida por este subpunto.	2,0000 puntos	Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.3. Antigüidade no corpo.		
1.3.1. Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario de carreira no corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa ou no corpo de inspectores de educación: As fraccións de ano computaranse a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo. Para os efectos de determinar a antigüidade nestes corpos recoñeceranse os servizos efectivos prestados como persoal funcionario de carreira nos corpos de inspectores de procedencia e os prestados desde a data de acceso como docentes á función inspectora de conformidade coa disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.	2,0000 puntos	Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.3.2. Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario noutros corpos docentes a que se refire a LOE. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,0833 puntos por cada mes completo.	1,0000 punto	



Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
Os servizos aludidos no subpuntos 1.3.2 non serán tidos en conta nos anos en que fosen simultáneos cos servizos dos subpuntos 1.1 ou 1.2. Para os efectos previstos nos subpuntos 1.1, 1.2, 1.3.1 e 1.3.2, serán computados os servizos que se tivesen prestado na situación de servizos especiais, expresamente declarados como tales as epígrafes previstas no artigo 87 do TRLEBEP aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, así como as situacións de idéntica natureza establecidas por disposicións anteriores á citada lei. Igualmente, serán computados, para estes efectos, o tempo de excedencia por coidado de familiares declarada de acordo co artigo 89.4 da citada Lei 7/2007, do 12 de abril, que non poderá exceder os tres anos.		
2. Méritos académicos: Para os efectos da súa valoración por esta epígrafe, unicamente se terán en conta os títulos con validez oficial no Estado español. (Ver disposición complementaria segunda).	Máximo 10 puntos	
2.1. Doutoramento, posgraos e premios extraordinarios:		
2.1.1. Por posuír o título de doutor.	5,000 puntos	Fotocopia compusada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición do título ou certificado supletorio da titulación expedida de acordo co previsto, se é o caso, na Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo) ou na Orde do 13 de agosto de 2007 (BOE do 21 de agosto) ou no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais (BOE do 6 de agosto).
2.1.2. Polo título universitario oficial de máster, distinto do requirido para o ingreso á función pública docente, para cuxa obtención se exixisen, polo menos, 60 créditos.	3,000 puntos	
2.1.3. Polo recoñecemento de suficiencia investigadora ou o certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados. Este mérito só se valorará cando non se alegue a posesión do título de doutor.	2,000 puntos	Fotocopia compulsada do certificado-diploma correspondente.
2.1.4. Por obter premio extraordinario no doutoramento, na licenciatura ou grao.	1,000 punto	Fotocopia compulsada da documentación xustificativa.
2.2. Outras titulacións universitarias: As titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as exixidas con carácter xeral para o ingreso no corpo desde o que se concursa ou para o acceso, no seu día, aos postos de inspección educativa, valoraranse da forma seguinte:		
2.2.1. Titulacións de grao: Polo título universitario oficial de grao ou equivalente.	5,000 puntos	A mesma documentación xustificativa que se indica para xustificar os méritos do subpunto 2.1.1.
2.2.2. Titulacións de primeiro ciclo: Pola segunda e restantes diplomaturas, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría. Por este subpunto non se valorarán en ningún caso, o título ou estudos desta natureza que fose necesario superar para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que se presente. Non se valorarán os primeiros ciclos que permitisen a obtención doutras titulacións académicas de ciclo longo que se aleguen como méritos.	3,000 puntos	Fotocopia compulsada de todos os títulos que se posúan ou certificado do aboamento dos dereitos de expedición expedida de acordo co previsto na Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo). Para a valoración dos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría, certificación académica de todos os títulos ou ciclos que se posúan, onde conste de forma expresa que se superaron todas as materias ou créditos conducentes para a obtención dos ditos título ou ciclos.
2.2.3. Titulacións de segundo ciclo: Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñaría, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes. Por este subpunto, non se valorarán, en ningún caso, os estudos desta natureza que fose necesario superar (primeiro ciclo, segundo ciclo ou, se é o caso, ensinanzas complementarias), para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que se presente. No caso de titulacións de só segundo ciclo e os títulos declarados equivalentes para todos os efectos ao título universitario de licenciado, unicamente se valorarán como un segundo ciclo.	3,000 puntos	



Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
2.3. Titulacións de ensinanzas de réxime especial e da formación profesional: As titulacións de ensinanzas de réxime especial outorgadas polas escolas oficiais de idiomas, conservatorios profesionais e superiores de música e danza e escolas de arte, así como as da formación profesional específica, caso de non ter sido as exixidas como requisito para ingreso na función pública docente ou, se é o caso, que non sexan necesarias para a obtención do título alegado, valoraranse da forma seguinte:		
a) Por cada certificado de nivel C2 do Consello de Europa:	4,0000 puntos	Para valorar os certificados das escolas oficiais de idiomas e título profesional de música ou danza: Fotocopia compulsada do título que se posúa ou, se é o caso, certificación acreditativa da expedición do dito título ou certificación acreditativa de ter superado os estudos conducentes a súa obtención.
b) Por cada certificado de nivel C1 do Consello de Europa:	3,0000 puntos	
c) Por cada certificado de nivel B2 do Consello de Europa:	2,0000 puntos	
d) Por cada certificado de nivel B1 do Consello de Europa:	1,0000 punto	
Cando proceda valorar as certificacións sinaladas nos puntos anteriores só se considerará a de nivel superior que presente o participante.		
e) Por cada título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño, técnico Deportivo superior ou técnico superior de Formación Profesional ou equivalente.	2,0000 puntos	
f) Por cada título profesional de Música ou Danza:	1,5000 puntos	
3. Formación e perfeccionamento.	Máximo 10 puntos	
3.1. Actividades de formación superadas: Por actividades superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento na función inspectora ou con aspectos relacionados coa organización escolar ou co ensino, organizados polo Ministerio de Educación, as administracións educativas das comunidades autónomas, por institucións sen ánimo de lucro sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades. Puntuaranse con 0,1000 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuarán o resto de número de horas inferiores a 10. Cando as actividades veñan expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.	Ata 6,0000 puntos	Fotocopia compulsada do certificado destas expedido pola entidade organizadora en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro, deberase, ademais, acreditar fidedignamente o recoñecemento ou homologación das ditas actividades pola Administración educativa correspondente, ou certificado de inscrición no Rexistro de Formación da Administración Educativa.
3.2. Pola impartición, dirección ou coordinación de actividades de formación que teñan por obxecto o perfeccionamento na función inspectora ou cos aspectos relacionados coa organización escolar ou co ensino organizados polo Ministerio de Educación, as administracións educativas das comunidades autónomas, por institucións sen ánimo de lucro sempre que fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como polas organizadas polas universidades. Puntuarase con 0,1000 puntos por cada 3 horas de actividade de formación acreditada. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuarán o resto de número de horas inferiores a 3. Cando as actividades viñesen expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.	Ata 4,0000 puntos	Fotocopia compulsada do certificado ou documento acreditativo da impartición en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro, deberase, ademais, acreditar fidedignamente o recoñecemento ou homologación das ditas actividades pola Administración educativa correspondente ou certificado de inscrición no Rexistro de Formación da Administración Educativa.



Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
<p>4. Outros méritos:</p>	<p>Máximo 20 puntos</p>	
<p>4.1. Publicacións.</p> <p>Por publicacións de carácter didáctico e científico directamente relacionadas co ensino.</p> <p>Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, modificado polo Real decreto 2063/2008, do 12 de decembro ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas en que o autor sexa o editor destas.</p> <p>Para a valoración destas publicacións deberanse presentar os documentos xustificativos indicados nestes subpuntos coas exixencias que así se indican.</p> <p>Puntuación específica asignable aos méritos baremables por esta epígrafe:</p> <p>a) Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Autor ..... ata 1,000 punto</li> <li>– Coautor ..... ata 0,5000 puntos</li> <li>– 3 autores..... ata 0,4000 puntos</li> <li>– 4 autores ..... ata 0,3000 puntos</li> <li>– 5 autores ..... ata 0,2000 puntos</li> <li>– Máis de 5 autores ..... ata 0,1000 puntos.</li> </ul> <p>b) Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Autor ..... ata 0,2000 puntos</li> <li>– Coautor ..... ata 0,1000 puntos</li> <li>– 3 ou máis autores ..... ata 0,0500 puntos.</li> </ul>	<p>Máximo 5,0000 puntos</p>	<p>- No caso de libros, a seguinte documentación:</p> <p>* Os exemplares correspondentes ou copias simples.</p> <p>* Certificado da editorial onde conste: título do libro, autor/es, ISBN, depósito legal e data da primeira edición, o número de exemplares e que a difusión destes foi en librarías comerciais. En relación cos libros editados polas administracións públicas e universidades (públicas-privadas) que non se difundiron en librarías comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado deben constar o título do libro, autor/es, o número de exemplares, data da 1ª edición, os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.). Nos supostos en que a editorial ou asociación desaparecesen, os datos requiridos neste certificado deberán xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.</p> <p>– No caso de revistas, a seguinte documentación:</p> <p>* Os exemplares correspondentes ou copias simples.</p> <p>* Certificado en que conste o número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, á cal pertence a revista, título da publicación, autor/es, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición. En relación coas revistas editadas polas administracións públicas e universidades (públicas-privadas) que non se difundiron en establecementos comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado deben constar o título da revista, autor/es, o número de exemplares, data da 1ª edición os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.).</p> <p>– No caso de documentos que soamente se dan en formato electrónico, para seren valorados deberán ir acompañados por un informe no cal o organismo emisor certifique en que base de datos bibliográfica aparece a publicación. Neste documento indicaranse a base de datos, o título da publicación, autor/es, o ano e a URL.</p>
<p>4.2. Valoración do traballo desenvolvido. (Ver disposición complementaria terceira)</p>	<p>Máximo 10 puntos</p>	



Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
4.2.1. Por cada ano de servizo en postos de subdirector xeral da Inspección de Educación, inspector xeral ou inspector xefe da Inspección Central de Educación Básica, de Bacharelato ou Ensino Medio do Estado, coordinador xeral de Formación Profesional, ou en postos equivalentes dependentes doutras administracións educativas. A fracción de ano computarase a razón de 0,1250 puntos por cada mes completo.	1,5000 puntos	Fotocopia compulsada do nomeamento expedido pola Administración educativa competente con dilixencia de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación en que conste que a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes se continúa no cargo.
4.2.2. Por cada ano de servizo en postos de Inspector central, inspector central de Educación Básica, Bacharelato ou Ensino Medio do Estado, ou coordinador central de Formación Profesional, secretario ou administrador da Inspección Central, inspector da Subdirección Xeral da Inspección de Educación, ou en postos equivalentes dependentes doutras administracións educativas. As fraccións de ano computarase a razón de 0,0830 puntos por cada mes completo.	1,0000 punto	
4.2.3. Por cada ano de servizo en postos de inspector xefe provincial de Educación Básica ou inspector xefe de distrito de Bacharelato ou Ensino Medio do Estado ou coordinador xefe provincial de Formación Profesional, ou xefe de servizo provincial de Inspección Técnica de Educación, xefe de división, ou en postos equivalentes dependentes doutras administracións educativas. As fraccións de ano computarase a razón de 0,0620 puntos por cada mes completo.	0,7500 puntos	
4.2.4. Por cada ano como inspector xefe de distrito, xefe adxunto, coordinador de equipos sectoriais, coordinador de demarcación, ou en postos equivalentes dependentes doutras administracións educativas. As fraccións de ano computarase a razón de 0,0410 puntos por cada mes completo.	0,5000 puntos	
4.2.5. Por cada ano de servizos desempeñando postos na Administración educativa de nivel de complemento de destino igual ou superior ao asignado ao corpo polo que participa sempre que sexan distintos dos enumerados nos subpuntos 4.2.1 ao 4.2.4 deste anexo. As fraccións de ano computarase a razón de 0,0620 puntos por cada mes completo.	0,7500 puntos	
No caso de que se desempeñase simultaneamente máis dun cargo dos indicados nos subpuntos 4.2.1 a 4.2.5, non se poderá acumular a puntuación, valorándose o que puidese resultar máis vantaxoso para o concursante.		
4.3. Por ser persoal funcionario de carreira dos corpos de catedráticos de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas, de música e artes escénicas e de artes plásticas e deseño.	3,0000 puntos	Fotocopia compulsada do título administrativo ou da credencial ou, se é o caso, do boletín ou diario oficial en que apareza o seu nomeamento.
4.4. Exclusivamente para prazas situadas na Comunidade Foral de Navarra, no País Vasco, na Comunidade Valenciana, na Comunidade Autónoma das Illes Balears e na Comunidade de Cataluña. As convocatorias específicas correspondentes a postos situados nestas comunidades, poderán asignar ata un máximo de 5,000 puntos aos méritos que nelas se determinen en función das peculiaridades lingüísticas.	Máximo 5,0000 puntos	Os que se determinen nas correspondentes convocatorias específicas desas administracións educativas.



#### Disposición complementaria primeira

Os méritos enviados polas persoas participantes deberán estar cumpridos ou recoñecidos na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes. Unicamente se valorarán, por tanto, os méritos que se posúan ata a finalización deste.

#### Disposición complementaria segunda. *Méritos académicos*

1. Para poder obter puntuación por outras titulacións universitarias de carácter oficial, deberá presentarse fotocopia compulsada de cantos títulos se posúan, incluído o alegado para ingreso no corpo.

2. Nos subpuntos do 2.1 só se valorará un título por cada un deles. Así mesmo, para os efectos do subpunto 2.1.2, cando se alegue o título de doutor non se valorará o título de máster oficial que constituía un requisito de acceso ao doutoramento.

3. No que respecta á baremación de titulacións de primeiro ciclo, non se entenderá como tal a superación dalgún dos cursos de adaptación. Para a valoración do subpunto 2.2 non se considerarán como títulos distintos as diferentes mencións que se asenten nunha mesma titulación.

4. Cando os títulos fosen obtidos no estranxeiro ou fosen expedidos por institucións docentes doutros países, deberá incluírse, ademais, a correspondente homologación.

5. Non se baremarán polos subpuntos 2.1 e 2.2 os títulos universitarios non oficiais que conforme á disposición adicional décimo primeira do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, sexan expedidos polas universidades no uso da súa autonomía.

#### Disposición complementaria terceira

En relación coa puntuación do punto 4.1 non se baremarán publicacións que constitúan programacións didácticas, temarios de oposicións, traballos de materias de carreira, máster ou doutoramento, edicións de centros docentes e de formación do profesorado, publicacións de prensa nin artigos de opinión. Unha publicación só será valorada nunha das súas edicións. Aplicaranse os criterios de valoración establecidos pola comisión baremadora do concurso de traslados convocado pola Orde do 8 de novembro de 2010.





**ANEXO XVIII****Criterios de valoración dos números 6.1, 6.2 e 6.3 do concurso de traslados**

6.1. Publicacións: ata 8 puntos.

Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar.

Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, modificado polo Real decreto 2063/2008, do 12 de decembro ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas en que o autor sexa o seu editor.

Non se baremarán publicacións que constitúan programacións didácticas, temarios de oposicións, traballos de asignaturas de carreira, mestrado ou doutorado, edicións de centros docentes e de formación do profesorado, publicacións de prensa nin artigos de opinión.

Con carácter xeral valoranse exemplares publicados por unha empresa editorial ou organismos de prestixio que aseguren a aplicación de filtros de calidade.

Unha publicación só será valorada nunha das súas edicións.

Puntuación específica que se poderá asignar aos méritos baremables por esta epígrafe:

Reseñas e colaboracións en revistas, libros, etc, así como a impresión de folletos, programas, etc:	
1 autor ou colaborador	0,025
2 autores ou colaboradores	0,0125
Máis de 2 autores ou colaboradores	0,00625
Tradución dunha revista:	
Autor	0,1
2 autores	0,05
Máis de 2 autores	0,025
Tradución ou ilustración dun libro:	
1 tradutor ou ilustrador	0,5
2 tradutores ou ilustradores	0,25
3 tradutores ou ilustradores	0,166
4 tradutores ou ilustradores	0,125
5 tradutores ou ilustradores	0,1
Máis de 5 de tradutores	0,05



Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):	
Autor	0,2
2 autores	0,1
3 ou máis autores	0,05
Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):	
Autor	1
2 autores	0,5
3 autores	0,4
4 autores	0,3
5 autores	0,2
Máis de 5 autores	0,1

Para a valoración destas publicacións deberanse presentar os documentos xustificativos coas exigencias que así se indican a seguir:

– No caso de libros, a seguinte documentación:

\* Os exemplares correspondentes ou copia simple completa do exemplar que deberá incluír a autoría, o depósito legal, o ISBN, a editorial e o índice.

\* Certificado da editorial onde conste: título do libro, autor/es, ISBN, depósito legal e data da primeira edición, o número de exemplares e que a difusión destes foi en librarías comerciais.

En relación cos libros editados por administracións públicas e universidades (públicas-privadas) que non se difundiron en librarías comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado debe constar o título do libro, autor/es, data da primeira edición, o número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.).

Nos supostos en que a editorial ou asociación desaparecesen, os datos requiridos neste certificado deberán xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.

– No caso de revistas, a seguinte documentación:

\* Os exemplares correspondentes ou copia simple completa do artigo que deberá incluír a autoría, o depósito legal, o ISSN ou ISMN, a editorial e o índice.

\* Certificado en que conste: o número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, a que pertence a revista, título da publicación, autor/es, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición.





En relación coas revistas editadas por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado debe constar os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.).

– No caso de documentos en formato electrónico, para ser valorados a copia deberá ir acompañada dun informe no cal o organismo emisor certifique en que base de datos bibliográfica aparece a publicación. Neste documento indicarse, ademais, os seguintes datos: o título da publicación, autor/es e data da publicación.

6.2. Por premios de ámbito autonómico, nacional ou internacional convocados polo Ministerio de Educación ou polas administracións educativas das comunidades autónomas en proxectos de investigación ou innovación no ámbito da educación ou pola participación nestes proxectos: ata 2,5 puntos.

Neste punto non se valorarán as actividades convocadas pola universidade.

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta epígrafe:

Premios	1º	2º	3º	accésit
Puntuación	1	0,75	0,5	0,25

A participación nun proxecto de investigación ou innovación valorarase con 0,15 puntos.

No caso de premios compartidos, dividirase polo número de premiados (se non aparece no documento dividirase, polo menos, por catro).

Para a valoración destes premios e actividades deberanse presentar os documentos xustificativos coas exixencias que así se indican a seguir:

Orixinal ou fotocopia cotexada da acreditación xustificativa de ter obtido os premios correspondentes expedidas polas entidades convocantes ou de ter participado nos proxectos de investigación ou innovación expedidos pola Administración educativa correspondente (non por centros docentes).



### 6.3. Méritos artísticos e literarios: ata 2,5 puntos.

– Por premios en exposicións ou en concursos ou en certames de ámbito autonómico, nacional ou internacional:

Con carácter xeral non se valorarán os premios convocados en ámbitos restrinxidos.

\* Por premios en concursos ou en certames literarios de ámbito autonómico, nacional ou internacional:

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta subepígrafe:

Premios	1º	2º	3º	accésit
Puntuación	1	0,75	0,5	0,25

No caso de premios compartidos, dividirase polo número de premiados (se non aparece no documento dividirase, polo menos, por catro).

\* Por premios en exposicións ou en concursos ou en certames artísticos:

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta subepígrafe:

Premios	1º	2º	3º	accésit
Internacionais	1,5	1	0,5	0,25
Nacionais	1	0,75	0,4	0,2
Autonómicos	0,5	0,25	0,10	0,05
Locais	0,25	0,15	0,05	0,025

No caso de premios compartidos, dividirase polo número de premiados (se non aparece no documento dividirase, polo menos, por catro).

Para a valoración destes premios artísticos e literarios deberánse presentar os documentos xustificativos coas exixencias que así se indican a continuación:

Orixinal ou copia cotexada do certificado da entidade que emite o premio, onde conste o nome do premiado/s, o seu ámbito e a categoría do premio.



– Por composición estreadas como autor ou gravacións con depósito legal:

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta epígrafe:

Composicións ou gravacións:	
1 autor	1
coautor	0,5
3 autores	0,4
4 autores	0,3
5 autores	0,2
Máis de 5 autores	0,1
Gravacións:	
1 intérprete	0,5
2 intérpretes	0,25
3 intérpretes	0,166
4 intérpretes	0,125
5 intérpretes	0,1
Máis de 5 intérpretes	0,05

Cando unha obra é puntuada como composición non pode ser valorada como gravación. Si é compatible a puntuación de intérprete e autor.

Para a valoración destas composicións e gravacións deberanse presentar os documentos xustificativos coas exixencias que así se indican a continuación:

No caso das composicións: orixinal ou copia cotexada da obra e do certificado ou documento en que figure que é o autor e o seu depósito legal. As alegacións valoradas por este punto non se terán en conta na epígrafe 6.1.

No caso das gravacións: orixinal ou copia cotexada da obra e do certificado ou documento acreditativo en que figure que é o autor ou intérprete e o seu depósito legal.

– Concertos como director, solista, solista na orquestra ou en agrupacións camerísticas (dúos, tríos, cuartetos...).

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta epígrafe:

A/B/C	Director, solista, compositor. Protagonista	Participante en grupos de cámara ou similar (< 15 compoñentes). Actor secundario	Integrante de orquestras, bandas, coros, non de cámara. Actor de reparto/figuración
Repertorio sinfónica: coro, orquestra, banda. Obra de teatro de gran formato, zarzuela (<1,5 h de duración)	1 / 0,5 / 0,25	0,5 / 0,25 / 0,1	0,25 / 0,1 / 0,05



A/B/C	Director, solista, compositor. Protagonista	Participante en grupos de cámara ou similar (< 15 compoñentes). Actor secundario	Integrante de orquestras, bandas, coros, non de cámara. Actor de reparto/figuración
Outros xéneros: (flamenco, jazz, etc.). Pezas breves (0,5 - 1 h)	0,5 / 0,25 / 0,1	0,25 / 0,1 / 0,05	0,1 / 0,05 / 0,025
Música lixeira, rock, etc. Lectura dramatizada, recital de poemas, etc.	0,25 / 0,1 / 0,05	0,1 / 0,05 / 0,025	0,05 / 0,025 / 0,01

A: primeira categoría: concerto de importancia internacional.

B: segunda categoría: importancia nacional.

C: terceira categoría: importancia autonómica.

A puntuación dividirase polo número de directores e solistas.

Para a valoración destes concertos ou obras deberanse presentar os documentos xustificativos coas exixencias que así se indican a continuación:

No caso de concertos: orixinal ou copia cotexada dos programas onde conste a participación do interesado e da certificación da entidade organizadora, onde conste a realización do concerto e a participación como director, solista ou solista con orquestra/grupo.

No caso das obras: orixinal ou copia cotexada dos programas onde conste a participación do interesado e da certificación da entidade organizadora, onde conste a realización da obra e a participación como protagonista, actor secundario ou actor de reparto/figuración.

– Por exposicións individuais ou colectivas:

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta epígrafe:

Exposición individual: 2,5 puntos	
Exposición de obra seleccionada en concursos (certificación):	
– Internacionais:	0,5
– Nacionais:	0,25
– Autonómicas:	0,125
Esta puntuación é incompatible con premios en exposicións.	
Exposición colectiva: =0,5/número de artistas	Mínimo: 0,025



Para a valoración destas exposicións deberanse presentar os documentos xustificativos coas exixencias que así se indican a seguir:

Orixinal ou copia cotexada do programa de man e certificación da galería/institución (museos, fundacións, administracións). Nos concursos, orixinal ou copia cotexada do certificado onde se especifique a súa concesión.

#### ANEXO XIX

##### **Criterios de valoración do número 4.1 do concurso de traslados**

#### 4.1. Publicacións: ata 5 puntos.

Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar.

Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignaren o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, modificado polo Real decreto 2063/2008, do 12 de decembro ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas que o autor sexa o seu editor.

Non se baremarán publicacións que constitúan programacións didácticas, temarios de oposicións, traballo de materias de carreira, mestrado ou doutorado, edicións de centros docentes e de formación do profesorado, publicacións de prensa nin artigos de opinión.

Con carácter xeral valorase exemplares publicados por unha empresa editorial ou organismos de prestixio que aseguren a aplicación de filtros de calidade.

Unha publicación só será valorada nunha das súas edicións.

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta epígrafe:

Reseñas e colaboracións en revistas, libros, etc, así como a impresión de folletos, programas, etc.:	
1 autor ou colaborador	0,025
2 autores ou colaboradores	0,0125
Máis de 2 autores ou colaboradores	0,00625
Tradución dunha revista:	
Autor	0,1
2 autores	0,05
Máis de 2 autores	0,025



Tradución ou ilustración dun libro:	
1 tradutor ou ilustrador	0,5
2 tradutores ou ilustradores	0,25
3 tradutores ou ilustradores	0,166
4 tradutores ou ilustradores	0,125
5 tradutores ou ilustradores	0,1
Máis de 5 de tradutores	0,05
Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):	
Autor	0,2
2 autores	0,1
3 ou máis autores	0,05
Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):	
Autor	1
2 autores	0,5
3 autores	0,4
4 autores	0,3
5 autores	0,2
Máis de 5 autores	0,1

Para a valoración destas publicacións deberanse presentar os documentos xustificativos coas exigencias que así se indican a seguir:

– No caso de libros, a seguinte documentación:

\* Os exemplares correspondentes ou copia simple completa do exemplar que deberá incluír a autoría, o depósito legal, o ISBN, a editorial e o índice.

\* Certificado da editorial onde conste: título do libro, autor/es, ISBN, depósito legal e data da primeira edición, o número de exemplares e que a difusión destes foi en librarías comerciais.

En relación cos libros editados por administracións públicas e universidades (públicas-privadas) que non se difundiron en librarías comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado debe constar o título do libro, autor/es, data da primeira edición, o número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.).

Nos supostos en que a editorial ou asociación desaparecesen, os datos requiridos neste certificado deberán xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.





– No caso de revistas, a seguinte documentación:

\* Os exemplares correspondentes ou copia simple completa do artigo que deberá incluír a autoría, o depósito legal, o ISSN ou ISMN, a editorial e o índice.

\* Certificado en que conste: o número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, a que pertence a revista, título da publicación, autor/es, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición.

En relación coas revistas editadas por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado debe constar os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.).

– No caso de documentos en formato electrónico, para ser valorados a copia deberá ir acompañada un informe no cal o organismo emisor certifique en que base de datos bibliográfica aparece a publicación. Neste documento indicárase, ademais, os seguintes datos: o título da publicación, autor/es e data da publicación.

